

MEDIDAS DE CONTENCIÓN DO CORONAVIRUS

En vigor desde o venres 13 de marzo de 2020 e cunha duración de 14 días

- SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA E EXTRAESCOLAR DURANTE 14 DÍAS
- PECHE DE CENTROS SOCIOCOMUNITARIOS E CENTROS DE DÍA
- AFORO EN ESPAZOS PECHADOS LIMITADO A 500 PERSOAS
- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO EMPREGO PÚBLICO

EDUCACIÓN

Suspensión das actividades lectivas e extraescolares 14 días en todos os niveis educativos (tamén de 0-3). Non asistir será recomendable este venres e obrigatorio desde o luns

Suspensión de prácticas do alumnado de titulacións de ciencias da saúde en centros sanitarios

SANIDADE

Limitación a 1 persoa por visita a cada doente ingresado

Suspensión de visitas de visitantes médicos, farmacéuticos e voluntarios

Só acudir a centros/hospitais se é imprescindible. Promoverase consulta online e telefónica

Convenio co Servizo Vasco de Saúde para o subministro de mascarillas durante 3 meses

POLÍTICA SOCIAL

Pechado de centros sociocomunitarios e centros de día, sexan de maiores, de protección de menores ou de discapacidade, e centros ocupacionais

Suspensión das actividades das escolas infantís, dos puntos de atención á infancia, de ludotecas e doutros espazos infantís, das residencias de tempo libre, dos albergues xuvenís e espazos xoves

Nas residencias: limitación a 1 persoa por visita, e prohibición de visitas de maiores de 70 anos ou con patoloxías ou síntomas respiratorios

Suspensión das actividades con participantes externos en centros de maiores

DEPORTE

Suspensión do programa Xogade

Suspensión ou celebración a porta pechada das actividades deportivas con público, incluídas as municipais

Recomendación ás federacións de que a competición deportiva oficial sexa a porta pechada e, no posible, suspendida/aprazada

EMPREGO PÚBLICO

Protocolo para empregados públicos: pautas e recomendacións, posibilidade de adoptar medidas de flexibilidade horaria ou teletraballo, reorganización das quendas ou medidas de protección, entre outros

Suspensión de actividades colectivas na Casa de Galicia en Madrid

AFOROS

En actividades de ocio, culturais e similares en espazos pechados: límite de 500 persoas e sempre que non se supere un terzo do aforo autorizado

En espazos pechados cun aforo igual ou inferior a 50 persoas poderanse celebrar os actos aplicando as medidas de distanciamento. En espazos abertos: límite de 1000 persoas

Pechados museos, bibliotecas e arquivos xestionados pola Xunta. Recoméndase pechar os doutras entidades

TRANSPORTE

Desaconséllase o transporte público e as súas infraestruturas aos grupos de poboación especialmente vulnerables ás infeccións respiratorias, ás persoas que convivan con estes grupos, así como ás mulleres embarazadas

